



Contido

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	2
Artigo 1. Normativa de aplicación. Marco legal.	2
Artigo 2. Ámbito de aplicación. Bens sometidos á presente Ordenanza.	2
Artigo 3. Niveis de protección.....	2
Artigo 4. Contornos de protección.	2
TÍTULO II. DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO.	3
Artigo 5. Nivel de protección.....	3
Artigo 6. Actuacións autorizables.	3
1. Actuacións autorizables en bens con protección integral:	3
2. Actuacións autorizables en bens con protección estrutural:.....	4
3. Actuacións autorizables en bens con protección ambiental:.....	4
Artigo 7. Autorización das obras.	5
Artigo 8. Tramitación das autorizacións.	5
Artigo 9. Proxecto de Intervención e Memoria Final.	6
Artigo 10. Tramitación de obras de emerxencia.....	6
Artigo 11. Comunicación das obras.	7
Artigo 12. Cautela arqueolóxica.....	7
TÍTULO IV. INFRACIÓNS E SANCIÓN S.....	7
Artigo 21. Infraccións e sanción s.	7
DISPOSICIÓN ADICIONAL.	8



NORMATIVA SECTORIAL DO PATRIMONIO CULTURAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Normativa de aplicación. Marco legal.

A presente normativa desenvolve e adapta as condicións específicas da MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NSPM PARA DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL DE O CRUCEIRO ao disposto pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia; igualmente resulta de aplicación, con carácter subsidiario, o disposto na *Ley 16/1985, del 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español*.

Artigo 2. Ámbito de aplicación. Bens sometidos á presente Ordenanza.

1. O ámbito de aplicación da presente normativa corresponde co espazo delimitado para a DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL DE O CRUCEIRO naqueles lugares afectados pola existencia de bens do patrimonio cultural (de natureza arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica) que estean incluídos nesta Modificación Puntual, así como aqueles outros elementos que poidan ser incorporados no futuro.

2. Así, o Catálogo da modificación Puntual, terá carácter aberto, incorporándose aqueles bens que no futuro poidan ser localizados a iniciativa dunha persoa física ou xurídica, pública ou privada, o que deberá ser motivado e documentado. Cando a solicitude non sexa atendida, deberá comunicarse de maneira motivada a súa non admisión.

Artigo 3. Niveis de protección.

1. En aplicación do artigo 8 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, os bens do patrimonio cultural poderán ter a condición de bens de interese cultural ou catalogados.

2. Son Ben de Interese Cultural (B.I.C.) os elementos declarados por decreto do Consello da Xunta de Galicia ou os que con carácter xenérico teñen esta categoría en aplicación da lexislación vixente segundo o disposto nos artigos 88, 92 e 93 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Artigo 4. Contornos de protección.

1. A inclusión dun ben no catálogo de Modificacións Específicas deberá incluír unha delimitación do ben protexido e do seu contorno de protección que se baseará na implantación concreta do ben no territorio e nas súas relacións ambientais. No caso



da nosa delimitación do núcleo rural, establécese unha área de protección para o cruceiro, como elemento catalogado de 20 metros.

2. Cando non exista a delimitación específica sinalada no apartado anterior definírase o ben protexido como o delimitado pola estrutura visible máis externa do ben. Nestes casos, o contorno de protección estará definido polas franxas xenéricas que con carácter subsidiario establece o artigo 38.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

TÍTULO II. DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO.

Artigo 5. Nivel de protección.

Dada a diferente singularidade dos bens que integran o patrimonio cultural e a súa diferente relevancia, defínense distintos niveis de protección, tanto para o patrimonio arquitectónico como para o patrimonio etnográfico. Conforme ao disposto no artigo 41 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia distínguense os seguintes:

- a) Protección integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.
- b) Protección estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis relevantes da súa tipoloxía ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.
- c) Protección ambiental: conservación dos aspectos visibles e evidentes dos bens, malia non presentaren un interese individual destacable, se ben conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

Artigo 6. Actuacións autorizables.

A execución de obras e intervencións, segundo están definidas no artigo 40 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, nos bens incluídos no catálogo da Modificación Puntual, estarán condicionadas polo nivel de protección dos bens sobre os que actúa (integral, estrutural ou ambiental).

1. Actuacións autorizables en bens con protección integral:

- a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.



b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.

c) As ampliacións dun ben inmovible, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.

d) As de reconstrución, de xeito excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poida probar a súa autenticidade e posición orixinal.

2. Actuacións autorizables en bens con protección estrutural:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación, restauración e rehabilitación.

b) As de reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención xustifícase a súa necesidade de forma específica e documentada e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberían ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais.

c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmovible no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.

d) As reconstrucións de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.

3. Actuacións autorizables en bens con protección ambiental:

a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación parcial ou total.

b) As de ampliación, sempre que non supoñan unha destrución ou deterioración dos valores culturais que aconsellaron a súa protección.



4. Con carácter excepcional, en cada un dos niveis de protección poderán autorizarse actuacións diferentes ás establecidas de forma xeral, previo informe vinculante da consellería competente en materia de patrimonio cultural e sempre que non supoña un menoscabo dos valores que motivaron a inclusión do ben protexido no catálogo de protección.

Artigo 7. Autorización das obras.

1. Calquera intervención que afecte ao ben protexido ou a súa contorna de protección, incluídas as obras habituais de mantemento, deberán ser autorizadas polo órgano competente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

2. Calquera obra que exceda as de mantemento e conservación esixirá a redacción dun proxecto de intervención por parte de técnico competente e, logo de rematado o traballo, unha memoria final que documente axeitadamente a intervención. O proxecto e a memoria final deberán cumprir o disposto no artigo 9 da presente Normativa.

3. Esta autorización ten carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. As condicións establecidas nesta autorización terán carácter vinculante.

4. Toda intervención realizada sen a preceptiva autorización terá carácter ilegal, podendo ser paralizada polo órgano competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia quen deberá dar inicio ao correspondente expediente de reposición da legalidade e á apertura dun expediente sancionador conforme ao disposto no Capítulo II da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 8. Tramitación das autorizacións.

1. A autorización á que fai referencia o artigo 7 da presente Normativa deberá ser tramitada a través do Concello de Portomarín.

2. Cando a intervención obxecto de solicitude de autorización corresponda a traballos de mantemento, a solicitude de autorización incluírá: identificación do ben afectado, plano coa localización deste, fotografía do ben e, de non afectar a actuación á totalidade do mesmo, das partes concretas nas que está proxectado actuar e unha breve descrición da intervención proposta.

3. A tramitación das autorizacións das obras que excedan ás de mantemento incluírán, na solicitude de autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da



Xunta de Galicia, un Proxecto de Intervención conforme ao sinalado nos artigos 9 e 10 da presente Normativa.

4. O Concello de Portomarín remitirá á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a solicitude acompañada dun informe técnico municipal relativo á viabilidade da obra.

5. As obras non poderán iniciarse ata a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, con independencia doutras autorizacións sectoriais e das licencias municipais que puideran ser necesarias.

Artigo 9. Proxecto de Intervención e Memoria Final.

1. As intervencións que excedan os traballos de mantemento deberán xuntar na solicitude de autorización un Proxecto de Intervención que incluírá unha identificación do ben obxecto da actuación, unha análise previa física, química ou biolóxica, segundo a obra a realizar, fichas de diagnose do seu estado de conservación, proposta e metodoloxía de traballo, análise crítica do valor cultural do ben e da avaliación da obra proposta, as técnicas, produtos e materiais a empregar e a documentación gráfica necesaria para comprender claramente o alcance da intervención proposta.

2. Rematada a intervención, elaborárase unha Memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, cando menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final.

3. Tanto o Proxecto de Intervención como a Memoria deberán ser redactados por técnico competente ou, de ser o caso, por un equipo interdisciplinar. A Memoria final, como no caso do Proxecto inicial, deberá ser remitida ao Concello de Portomarín quen dará trámite á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia nun prazo non superior aos seis meses logo de rematados os traballos.

Artigo 10. Tramitación de obras de emerxencia.

1. Quedan exentos da realización de Proxecto de Intervención, ao que fai referencia o artigo 9 desta normativa, as obras de emerxencia que sexan motivadas por un claro perigo para a conservación do ben protexido ou por evidente risco para as persoas usuarias.



2. A excepcionalidade e carácter de emerxencia da actuación deberá estar xustificada por un informe de técnico competente, contar co informe favorable dos servizos técnicos do Concello de Portomarin en relación coa viabilidade urbanística da obra e co seu claro carácter de emerxencia. A obra deberá ser autorizada polo órgano competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

3. Logo de rematada a actuación, que estará limitada dun xeito estrito a solucionar os aspectos obxecto da emerxencia, deberá ser remitida unha Memoria asinada polo técnico director da intervención, na que se recolla o alcance do traballo e a súa descrición detallada.

Artigo 11. Comunicación das obras.

Logo de autorizada unha intervención, con independencia do seu alcance, será comunicado o inicio da actuación ao Concello de Portomarin e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia con antelación suficiente para realizar, de ser o caso, as oportunas visitas de inspección. Igualmente, unha vez rematada a intervención, será comunicada a súa finalización aos ditos organismos.

Artigo 12. Cautela arqueolóxica.

1. Dado que algúns dos bens de natureza arquitectónica e etnográfica presentan estruturas que total ou parcialmente poderían ser estudadas con metodoloxía arqueolóxica (tal é o caso dos alicerces das edificacións e os alzados dos muros), establécese unha cautela arqueolóxica única, consistente nun control arqueolóxico, naquelas intervencións susceptibles de afectar ao subsolo en bens que, pola súa tipoloxía, características, localización ou evolución histórica, presenten interese desde o punto de vista arqueolóxico.

2. En todo caso, a necesidade dese control arqueolóxico será establecida na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia na que sexa autorizada a intervención. Dito control arqueolóxico de remoción de terras será realizado por técnico competente (arqueólogo) e deberá ser tramitado conforme ao disposto no Título III da presente Normativa

TÍTULO IV. INFRACIÓNS E SANCIÓNS.

Artigo 21. Infraccións e sancións.

As infraccións do establecido na presente Normativa Sectorial de Protección do Patrimonio Cultural serán sancionadas de conformidade co Capítulo II do Título X da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e, se é o caso tamén,



como infracción urbanística de conformidade coa lexislación vixente, sen que en ningún caso os incumprimentos destas ordenanzas poidan ser tipificados como conexas doutras faltas cometidas, todo isto sen prexuízo de que as accións ou omisións constitutivas da infracción poidan ser constitutivas dun delito contra o patrimonio histórico tipificado nos Capítulos I e II do Título XVI (artigos 319, 320, 321, 322, 323 e 324) do Código Penal (Lei Orgánica 10/1995 de 23 de novembro).

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o non previsto nesta normativa será de aplicación a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e a lexislación dependente ou complementaria dela, así como o Decreto 199/1997 do 10 de xuño polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e, con carácter subsidiario, a *Ley 16/1985 de 25 de junio del Patrimonio Histórico Español*.

Lugo, XUÑO de 2024

Documento firmada mediante firma electrónica

En representación do equipo redactor

Ado: Manuel Campo Díaz

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos colexiado 21612